



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA
Dirección Xeral da Función Pública



empregarse
procesos de ingreso

Proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia Grupo C

Segundo exercicio

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- María é persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, ten ao seu cargo un menor acollido de 11 anos e solicita a flexibilización da súa xornada de traballo. Podería concederselle?:

- a) Non, xa que a lei para a igualdade de mulleres e homes non inclúe o persoal estatutario como beneficiario da flexibilización
- b) Non, xa que a flexibilización só se concede ao persoal que teña ao seu cargo un fillo menor de 10 anos
- c) Si, dentro dun horario diario de referencia e se as necesidades do servizo o permiten
- d) Si, se as necesidades do servizo o permiten, dentro dun horario diario de referencia determinado polo solicitante

2.- A empresa X ten 2460 traballadores, con cantos delegados de prevención de riscos laborais contará?:

- a) 6
- b) 8
- c) 7
- d) 5

3.- Xoán, funcionario, traballa na Consellería A. Logo obtén unha praza na Consellería B por concurso de traslados. Toma posesión o 15 de marzo de 2008. Os órganos de xestión da Consellería B realizan o parte de nómina correspondente e dan traslado do mesmo á Intervención Delegada desa consellería. Cando ten que estar en poder da Intervención Delegada ese parte?:

- a) Antes do 25 de marzo de 2008
- b) Antes do 1 de abril de 2008
- c) Antes do 25 de abril de 2008
- d) Antes do 3 de abril de 2008

4.- Paula aprobou unhas oposicións ao corpo auxiliar da Xunta de Galicia. Toma posesión na Consellería X o 22 de abril de 2008. Ten dereito á paga extraordinaria do mes de xuño, tendo en conta que o ano 2008 é bisesto?:

- a) Si, pero o seu importe reducirase proporcionalmente, computando cada día de servizos prestados no importe resultante de dividir a contía da paga extraordinaria que na data do seu devengo lle correspondese por un período de seis meses entre cento oitenta e catro
- b) Si, pero o seu importe reducirase proporcionalmente, computando cada día de servizos prestados no importe resultante de dividir a contía da paga extraordinaria que na data do seu devengo lle correspondese por un período de seis meses entre cento oitenta e tres
- c) Si, pero só a parte correspondente aos meses de maio e xuño
- d) Si, pero o seu importe reducirase proporcionalmente, computando cada día de servizos prestados no importe resultante de dividir a contía da paga extraordinaria que na data do seu devengo lle correspondese por un período de seis meses entre cento oitenta e dous

5.- O padroado da Fundación para a Conservación do Oficio de Afiador, declarada como fundación de Interese Galego, acorda a repudiación dunha herdanza sen cargas dun veciño do Carballiño cuxa vontade era destinar os seus bens á consecución dos fins fundacionais. Qué debe facer o padroado neste caso?:

- a) Comunicarlle a repudiación ao protectorado no prazo máximo dos vinte días hábiles seguintes, e este poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns se os actos do padroado fosen lesivos para a fundación
- b) Comunicarlle a repudiación ao protectorado no prazo máximo dos quince días hábiles seguintes, e este poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns se os actos do padroado fosen lesivos para a fundación
- c) Comunicarlle a repudiación ao protectorado no prazo máximo dun mes, e este poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns se os actos do padroado fosen lesivos para a fundación
- d) Comunicarlle a repudiación ao protectorado no prazo máximo dos dez días hábiles seguintes, e este poderá exercer as accións de responsabilidade que correspondan contra os patróns se os actos do padroado fosen lesivos para a fundación

6.- A Consellería A é titular dun ben inmovible de carácter patrimonial na rúa Real de Tui. Trátase dun edificio que consta de pranta baixa e tres andares, nunha das rúas comerciais desta vila pontevedresa. Dado que o Titular da Consellería entende que se está a facer un uso supérfluo destas instalacións e que os custos de mantemento son demasiado elevados, decide propor o seu alleamento ao Conselleiro de Economía e Facenda, quen declara a súa alleabilidade logo do informe da Consellería A. Tendo en conta que na declaración de alleabilidade se valorou o inmovible en 3.050.000 €, a qué órgano lle correspondería acordar o seu alleamento?(Conteste segundo o que dispón a Lei 3/1985, do 12 de abril, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega):

- a) Ao Parlamento de Galicia, por medio dunha lei
- b) Á Consellería de Economía e Facenda
- c) Ao Consello da Xunta
- d) Á Consellería A

7.- Francisco ten 24 anos e acaba de rematar os seus estudos de Belas Artes. Foi contratado en prácticas no seu primeiro emprego por unha galería de arte para exercer funcións de restauración de obras, cal é a duración máxima do contrato de traballo de Francisco?:

- a) 1 ano
- b) 6 meses
- c) 3 anos
- d) 2 anos

8.- Miguel traballa na empresa X. Por razóns de garda legal ten ao seu coidado directo un neno de 7 anos de idade, terá dereito a unha redución da súa xornada de traballo?:

- a) Si, cunha diminución proporcional do salario entre, cando menos, un sexto e un máximo da metade da duración da xornada laboral
- b) Si, cunha diminución proporcional do salario entre, cando menos, un oitavo e un máximo da metade da duración da xornada laboral
- c) Non, xa que se require que o menor teña 6 anos como máximo
- d) Si, cunha diminución proporcional do salario entre, cando menos, un quinto e un máximo da metade da duración da xornada laboral

9.- María foi despedida do seu traballo na empresa X alegando o empresario a súa ineptitude sobrevida despois da súa colocación efectiva na empresa. Neste caso, está o empresario obrigado a concederlle un prazo de preaviso a María?:

- a) Non, xa que no despido por causas obxectivas non é necesario preavisar ao traballador
- b) Si, debe darlle un prazo de preaviso de 15 días
- c) Si, debe darlle un prazo de preaviso de 30 días
- d) Non, pero a María correspóndelle unha indemnización de 20 días de salario por ano de servizo

10.- Manuel traballa nunha empresa. Un día sofre un accidente na casa ao esbarar no baño pasando así a unha situación de incapacidade temporal. Cal é o prazo durante o cal o empresario debe aboarlle a Manuel o subsidio por incapacidade temporal?:

- a) Desde o día quinto ao décimo sexto de baixa, ambos incluídos
- b) Desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos incluídos
- c) Desde o día sexto ao décimo quinto de baixa, ambos incluídos
- d) Desde o día cuarto ao décimo sexto de baixa, ambos incluídos

11.- Marta sufriu un accidente laboral que lle supuxo o recoñecemento polo Instituto Nacional da Seguridade Social dunha grande invalidez. En consecuencia, recibe unha pensión vitalicia. A súa contía increméntase cun complemento para remunerar á persoa que a atende, cal é o seu importe?:

- a) O equivalente ao resultado de sumar o 35 % da base mínima de cotización vixente no momento do feito causante e o 30 % da última base de cotización do traballador correspondente á continxencia de que derive a situación de incapacidade permanente
- b) O equivalente ao resultado de sumar o 45 % da base mínima de cotización vixente no momento do feito causante e o 35 % da última base de cotización do traballador correspondente á continxencia de que derive a situación de incapacidade permanente
- c) O equivalente ao resultado de sumar o 45 % da base mínima de cotización vixente no momento do feito causante e o 30 % da última base de cotización do traballador correspondente á continxencia de que derive a situación de incapacidade permanente
- d) O equivalente ao resultado de sumar o 40 % da base mínima de cotización vixente no momento do feito causante e o 30 % da última base de cotización do traballador correspondente á continxencia de que derive a situación de incapacidade permanente

12.- Carlos xubilouse o 15 de marzo de 2008, tiña 19 anos cotizados. Qué porcentaxe se lle aplica á base reguladora para calcular a contía da pensión de xubilación de Carlos?:

- a) O 62 %
- b) O 65 %
- c) O 59 %
- d) O 56%

13.- Como consecuencia do mal estado dunha beirarrúa no Concello X, o día 11 de xaneiro de 2008, un veciño sufriu un accidente, fracturándose un cóbado. Logo de pasar un período de convalecencia, o veciño curou a súa doenza o 22 de marzo dese ano, recibindo a alta médica. O veciño decide interpor unha acción de reclamación de responsabilidade patrimonial contra o concello. Cando remata o prazo para a interposición da acción?:

- a) O 11 de xaneiro de 2009
- b) O 11 de abril de 2008
- c) O 22 de setembro de 2008
- d) O 22 de marzo de 2009

14.- Na tramitación dun procedemento de concesión de axudas, o órgano competente aprecia nunha das solicitudes a falta dunha documentación esixida na convocatoria e faille ao solicitante o correspondente requirimento para que no prazo de 10 días achegue esa documentación. Unha vez recibiu o requirimento, o interesado solicítalle ao órgano competente unha ampliación dese prazo, mediante escrito de data do 17 de marzo de 2008, porque entende que a presentación da documentación presenta dificultades especiais. O órgano competente contéstalle á súa solicitude, recibindo o escrito de contestación o interesado o día 3 de abril deste ano. Concederalle o órgano competente a ampliación solicitada? (Conteste segundo o que establece a Lei 30/1992, do 26 de novembro):

- a) Si, e o interesado terá ata o día 9 de abril para presentar a documentación
- b) Non
- c) Si, e o interesado terá ata o día 15 de abril para presentar a documentación
- d) Si, e o interesado terá ata o día 11 de abril para presentar a documentación

15.- Qué recurso cabe frente á resolución do recurso de alzada ditada polo conselleiro de Innovación e Industria fronte a outra do director xeral de Industria, Enerxía e Minas?:

- a) Só cabe recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, quedando obrigado o interesado a comunicarllo previamente á Administración
- b) Recurso extraordinario de revisión, en calquera caso
- c) Recurso de reposición, por ser este obrigatorio para a impugnación da resolución ante os órganos xurisdicionais do contencioso-administrativo
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

16.- Cal dos seguintes supostos podería dar lugar á recusación dun dos vogais dunha comisión de valoración constituída para a concesión de axudas ao fomento do emprego autónomo?:

- a) A prestación nos 3 últimos anos de asesoramento legal por parte do vogal a unha das empresas solicitantes das axudas
- b) O vogal comparte despacho profesional cun dos membros do Consello de Administración dunha das empresas concorrentes
- c) O vogal actuou como testemuña nun procedemento sobre irregularidades na obtención de axudas o ano anterior
- d) Os supostos a) e b) poden dar lugar á recusación do vogal

17.- Os días 13 e 14 de outubro de 2007 teñen entrada na Consellería A sendas reclamacións de responsabilidade patrimonial presentadas por Rosa e Rocío por danos sufridos en varias fincas da súa propiedade a consecuencia do desbordamento dun encoro cercano sucedido o 20 de setembro dese mesmo ano. Días máis tarde, Lourdes presenta reclamación polos mesmos feitos. Cal é a decisión correcta que debe tomar a Consellería A neste suposto?:

- a) Procederá á acumulación dos tres procedementos por derivar estes dos mesmos feitos
- b) Poderá acordar a acumulación dos tres procedementos, por gardar estes íntima conexión
- c) Procederá a tramitación independente de cada un deles por non ter o mesmo suxeito, obxecto e causa
- d) Non procederá a acumulación xa que só é posible nos procedementos iniciados de oficio pola Administración

18.- A Consellería A está tramitando un procedemento disciplinario a Xoán. Susana acredita un interese lexítimo en dito procedemento e solicita ter acceso ao expediente administrativo persoal de Xoán. Poderá permitirse ese acceso?:

- a) Deberá permitirse dito acceso pola acreditación dun interese lexítimo e directo por parte de Susana
- b) Poderá denegarse ese acceso polo titular da Consellería A se o considera conveniente para a resolución do procedemento disciplinario
- c) Non se permitirá ese acceso por tratarse dun procedemento no que a lei non permite o seu acceso por terceiros, aínda que acrediten un interese lexítimo
- d) Poderá permitirse en virtude do dereito de todos os cidadáns ao acceso aos rexistros e aos documentos que formen parte dun expediente administrativo

19.- A empresa X, adicada á explotación de varios viveiros flotantes de cultivos mariños (bateas) recibe o día 23 de marzo de 2008 un requirimento para que achegue unha documentación relacionada co procedemento de prórroga da concesión dunha das bateas da súa titularidade que se está a tramitar na consellería correspondente. O día 28 de marzo de 2008, Antonio, avogado da empresa, presenta un escrito no que pide a ampliación do prazo para a subsanación, por entender que a presentación da documentación requirida presenta dificultades especiais. Ante esta situación, qué debe facer o instrutor do procedemento?:

- a) Requirirlle á empresa para que achegue un documento acreditativo da representación e despois, de ser o caso, entrar a valorar a posibilidade da ampliación do prazo
- b) Inadmitir o escrito do avogado e decretar a renuncia
- c) Inadmitir o escrito do avogado e decretar o desistimento
- d) Admitir o escrito e decretar, de ser o caso, a ampliación do prazo ata un máximo de 5 días

20.- A Consellería X quiere contratar a adquisición de 5 fotocopiadoras e 10 impresoras de rede e na información facilitada aos licitadores indícalles que a solvencia técnica poderá acreditarse por calquera dos medios sinalados no artigo 66 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Á licitación acoden 3 empresas. A empresa A presenta varias mostras, descrições e fotografías das fotocopiadoras e impresoras pero sin certificado de autenticidade. A empresa B presenta unha declaración relativa aos contratos de subministracións realizados nos 3 últimos anos con outras consellerías. A empresa C indica o persoal técnico de que dispón para a execución do contrato, aínda que este persoal non está integrado na empresa. Tendo en conta a documentación presentada polas empresas, cal delas non acreditou suficientemente a súa solvencia técnica?:

- a) A empresa C, xa que o persoal técnico responsable da execución do contrato debe de estar integrado na empresa
- b) A empresa B, pois debe presentar un certificado dos contratos de subministración realizados nos 3 últimos anos con outras consellerías
- c) Todas as empresas acreditaron suficientemente a súa solvencia técnica en virtude da documentación que aportaron
- d) A empresa A, xa que non presenta certificado de autenticidade das mostras, descrições e fotografías presentadas

21.- A Consellería A contrata coa empresa X a subministración de toner para impresoras de rede por un importe de adxudicación de 20.000,00 €, efectuándose a súa entrega e recepción antes do pago. É necesaria a constitución de garantía definitiva neste suposto?:

- a) Si, esixirase, en todo caso, a constitución dunha garantía do 4 por cento do importe de adxudicación
- b) Si, esixirase unha garantía do 5 por cento do importe de adxudicación, si ben o órgano de contratación poderá eximir da constitución da mesma, xustificándoo axeitadamente nos pregos
- c) Si, esixirase, en todo caso, a constitución dunha garantía do 5 por cento do importe de adxudicación
- d) Todos os contratos de subministracións de bens consumibles están exentos da constitución de garantía definitiva se se xustifica axeitadamente nos pregos

22.- A Junta de Andalucía pretende contratar a través da tramitación de urxencia a realización dunha serie de obras destinadas a paliar os desperfectos ocasionados en diversos edificios públicos polas inundacións ocorridas na provincia de Cádiz a consecuencia do desbordamento do río Barbate. A empresa Z, licitadora no procedemento, pretende recorrer o acordo de adxudicación provisional das obras realizado en favor da empresa Y. Cal dos seguintes instrumentos poderá utilizar para tal fin a empresa Z, tendo en conta que se trata dun contrato de obra suxeito a regulación harmonizada?:

- a) Deberá interpoñer contra o acordo o recurso especial en materia de contratación, de xeito previo á presentación do recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa
- b) Poderá interpoñer recurso de alzada contra a resolución do consejero da Junta de Andalucía pero non poderá interpoñer o recurso especial en materia de contratación posto que este non caberá en relación cos actos ditados nos procedementos de adxudicación seguidos polo trámite de urxencia
- c) Poderá interpoñer recurso potestativo de reposición
- d) Non cabe ningún recurso en vía administrativa, polo que terá que presentar recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa por tratarse da orde competente para coñecer das cuestións litixiosas xurdidas en relación cos contratos administrativos

23.- O titular da Consellería competente por razón da materia resolveu adxudicar á empresa X o contrato que ten por obxecto a realización da obra Y por un importe de 51.000,00 €. Sería preceptivo darlle publicidade á adxudicación definitiva, e, de sé lo caso, onde tería que publicarse?:

- a) Non sería preceptiva a publicidade da resolución de adxudicación definitiva
- b) Si, sería preceptivo e debería publicarse no Diario Oficial de Galicia
- c) Si, sería preceptivo e debería publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación e no Diario Oficial de Galicia
- d) Si, sería preceptivo e debería publicarse no perfil do contratante do órgano de contratación

24.- Con cargo ao seu orzamento de gastos correspondente ao exercicio 2008, a Consellería A pretende levar a cabo unha campaña de publicidade para divulgar o conxunto das actividades que realiza. O custo estimado da campaña é de 100.000,00 €, e o saldo de crédito dispoñible no subconcepto 226.02 “Publicidade e propaganda” é de 30.000,00 €. Tendo en conta que noutros subconceptos do capítulo II do orzamento de gastos da Consellería A existe crédito dispoñible suficiente que non se vai a executar, pode o titular da Consellería A autorizar unha transferencia de crédito que incremente o dispoñible no devandito subconcepto?:

a) Non, porque é un crédito vinculante no nivel de subconcepto segundo o disposto na Lei 16/2007, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008

b) Non, porque a Lei 16/2007, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, non permite realizar transferencias de crédito que incrementen os autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias do subconcepto 226.02

c) Non, porque é o Conselleiro de Economía e Facenda o competente para autorizar as transferencias dos créditos consignados na Lei de Orzamentos, logo do informe da Intervención delegada

d) Sí, toda vez que o titular da consellería pode, logo do informe da intervención delegada, autorizar transferencias de crédito entre diferentes conceptos do capítulo II, sempre que non afecten a créditos de atención protocolarias ou representativas nin supoñan desviación na consecución dos obxectivos previstos para o programa respectivo

25.- No vixente orzamento de gastos da Consellería X o crédito inicial no subconcepto 227.00 “Traballos realizados por outras empresas. Limpeza e aseo” é de 500.000,00 €. Pretendese levar a cabo a contratación do servizo de limpeza das instalacións da súa Delegación Provincial en Ourense, por un período de execución de 4 anos, que se iniciaría o día 1 de outubro de 2008, e un orzamento de licitación de 360.000,00 €, é posible? E de sé lo caso, cal sería a distribución de anualidades?:

a) Si, é posible, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Exercicio corrente: 22.500,00 €

Primeira anualidade: 90.000, 00 €

Segunda anualidade: 90.000,00 €

Terceira anualidade: 90.000,00 €

Cuarta anualidade: 67.500,00 €

b) Non se podería autorizar o gasto porque o compromiso con cargo a exercicios futuros excede das porcentaxes establecidas pola Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual

c) Non sería posible xa que a Lei de Contratos do Sector Público establece que os contratos de servizos non poderán ter unha vixencia inicial superior a dous anos

d) Non sería posible xa que, en relación cos contratos de servizos, a Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia reduce a dous o número de anos aos que pode extenderse o compromiso de gastos de carácter plurianual

26.- Chegado o día 22 de outubro de 2008, a Consellería A inicia os trámites correspondentes á contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de vixilancia encargado da seguridade dunhas instalacións, para que a execución do devandito servizo comece o día 1 de xaneiro de 2009. Se a data do día 22 de outubro de 2008 aínda non se tivera aprobado polo Consello da xunta o proxecto de orzamentos do ano 2009 para súa remisión ao Parlamento, podería o órgano de contratación aprobar o expediente de contratación coa correspondente aprobación do gasto?:

a) Non. Pódese autorizar o inicio dos trámites necesarios para a contratación do servizo, e incorporar ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato, se ben a aprobación do gasto require que se aprobe o proxecto de orzamentos

b) Non. Pódense autorizar tódolos trámites que non comporten compromiso de gasto, e, unha vez comprobado que existe crédito adecuado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, tramitar anticipadamente o expediente de gasto

c) Sí. Sempre que no anteprojecto do orzamento de gastos da consellería exista crédito axeitado e suficiente, pódese tramitar anticipadamente o expediente de gasto

d) Sí. Pódese tramitar anticipadamente o expediente de gasto sempre e cando se acredite que normalmente vai a existir crédito axeitado e suficiente para o gasto a efectuar

27.- O día 7 de marzo de 2008 ditou unha resolución o Conselleiro de Economía e Facenda pola que autorizaba á Consellería A unha transferencia de crédito polo importe de 350.000,00 € do concepto 212 do seu vixente orzamento de gastos, que tiña unha consignación inicial de 200.000,00 €, ao subconcepto 221.00. Podería autorizarse, dentro do mesmo exercicio orzamentario, unha transferencia para incrementar o crédito do concepto 212 da Consellería A, toda vez que xurdiron gastos imputables a dito concepto de difícil ou imposible previsión cando se solicitou a transferencia que minorou o crédito existente no concepto 212?:

- a) Sí, porque a minoración do concepto 212 non acadou o 20 % da súa consignación inicial
- b) Non, porque o concepto 212 foi obxecto de minoración
- c) Sí, porque son transferencias que afectan a conceptos dun mesmo capítulo do orzamento de gastos da Consellería A
- d) Sí, porque son transferencias que afectan ao capítulo II relativo a “gastos correntes en bens e servizos”

28.- A data do día 15 de xuño de 2008 o saldo de crédito no concepto orzamentario 230 “Indemnizacións por razón do servizo. Axudas de custo” do vixente orzamento de gastos do Organismo Autónomo X é de 1.000,00 €, e estímase insuficiente para cubrir os gastos previstos imputables a dito concepto no que resta do exercicio económico correspondente ao ano 2008. Por outra banda, ao longo do ano 2008, e ata a data antedita, foron recadados ingresos propios do organismo, derivados da prestación de servizos, que non figuran nas consignacións iniciais do seu orzamento de ingresos, por importe de 2.000,00 €. Poderán xerar crédito os devanditos ingresos no concepto 230 do vixente orzamento de gastos do Organismo Autónomo X, e, de se-lo caso, a quen lle correspondería autorizar a xeración?:

- a) Si, correspondéndolle autorizar a xeración de crédito ao titular da Consellería á que se atope adscrito o organismo autónomo, previo informe favorable da Intervención Delegada
- b) Non, toda vez que os ingresos sen contraído previo soamente poden constituir remanente de tesourería
- c) Si, correspondéndolle autorizar a xeración de crédito ao Conselleiro de Economía e Facenda
- d) Non, xa que a Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, dispón que non poderán realizarse xeracións ou transferencias de crédito que incrementen os autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias do concepto 230 “Indemnizacións por razón do servizo: axudas de custo” e do subconcepto 226.02 “Publicidade e propaganda”

29.- No vixente orzamento de gastos do Organismo Autónomo X, o crédito inicial no subconcepto 227.00 “Traballos realizados por outras empresas. Limpeza e aseo” é de 125.000,00 €, e preténdese contratar o servizo de limpeza das instalacións do devandito organismo, por un período de 2 anos e un orzamento de licitación de 300.000,00 €, por estimarse que o custo máximo anual do servizo é de 150.000,00 €, e considerase que a contratación por un prazo que comprende un só exercicio orzamentario resultaría antieconómica. Poderíase autorizar o gasto para a contratación pretendida, e, de se-lo caso, cal sería a distribución de anualidades, tendo en conta que está previsto que a execución do contrato se inicie o día 1 de outubro de 2008, e que no conxunto dos conceptos do artigo 22 existe no nivel de vinculación un crédito inicial de 1.200.000,00 €?:

a) Si, poderíase de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Primeira anualidade: 37.500,00 €

Segunda anualidade: 150.000,00 €

Tercera anualidade: 112.500,00 €

b) Si, poderíase de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

Exercicio corrente : 37.500,00 €

Primeira anualidade: 150.000,00 €

Segunda anualidade: 112.500,00 €

c) Non se pode autorizar o gasto porque o compromiso con cargo a exercicios futuros excede dos límites establecidos pola Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia para adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual

d) Non se pode levar a cabo a contratación do suposto, porque a Lei 16/2007, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 establece que non se poderán adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual con cargo a créditos vinculantes

30.- Carlos é persoal laboral do grupo III, ten a súa praza obtida por concurso de traslados na Consellería A. Esa consellería modifica a súa relación de postos de traballo e o posto de Carlos desaparece. Como consecuencia Carlos é removido do seu posto quedando a disposición do secretario xeral da Consellería A. Xoán e María son do mesmo grupo e categoría profesional que Carlos e están na mesma situación ca el. Todos solicítanlle ao secretario xeral da Consellería A ir ao mesmo destino. Cal deles ten preferencia á hora da adxudicación dese destino, de acordo cos datos que se dan nas respostas?:

- a) Carlos, tendo en conta que ten 3 fillos e Xoán e María teñen 2 cada un
- b) Xoán, tendo en conta que o seu cónxuxe foi trasladado forzosamente a un posto que lle supuxo cambiar de domicilio
- c) Ningún dos 3 terá preferencia xa que o secretario xeral poderá adxudicarlles ese destino con total discrecionalidade
- d) María, tendo en conta que leva 10 anos como persoal laboral e Xoán e Carlos levan 8 anos cada un

31.- Fernando é persoal laboral fixo, cumpriu 60 anos en marzo de 2008 e traballa na Consellería A desde hai cinco anos. Luis tamén é persoal laboral fixo e leva ano e medio na Administración, concretamente na mesma consellería que Fernando. O 20 de xuño deste ano solicítanlle ao órgano competente desa consellería a posibilidade de concederlles unha permuta entre os seus postos de traballo, por ser de idénticas categorías laborais e porque contan co informe favorable das xefaturas respectivas e do comité de empresa. Poderá concederselles?:

- a) Non, pois Luis non leva un mínimo de 2 anos na Administración
- b) Si, pois cumpren todos os requisitos esixidos polo Convenio Colectivo para a concesión de permutas
- c) Non, pois a Fernando fáltanlle menos de cinco anos para xubilarse
- d) Non, xa que se require informe favorable do Comité Intercentros en todas as permutas

32.- Luisa é persoal laboral do grupo I e traballa nun laboratorio da Consellería A. Por razón da perigosidade dos produtos que manexa, Luisa recibe un complemento de singularidade do posto, cuxa contía non poderá exceder do:

- a) 32 % do salario base bruto en cómputo anual atribuído a cada grupo profesional na correspondente lei de orzamentos
- b) 35 % do salario base bruto en cómputo anual atribuído a cada grupo profesional na correspondente lei de orzamentos
- c) 30 % do salario base bruto en cómputo anual atribuído a cada grupo profesional na correspondente lei de orzamentos
- d) 40 % do salario base bruto en cómputo anual atribuído a cada grupo profesional na correspondente lei de orzamentos

33.- Vanesa é funcionaria. O 15 de abril tivo que ingresar no hospital ao ter un parto prematuro do que naceu un fillo con problemas e detéctaselle a este unha discapacidade, polo que ten que permanecer hospitalizado. Canto tempo como máximo lle corresponderá a Vanesa de permiso por parto nestas circunstancias, segundo a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público?:

- a) 18 semanas
- b) 29 semanas
- c) 31 semanas
- d) 28 semanas

34.- Xesús é funcionario desde hai 30 anos. Actualmente traballa na Consellería A. Nos últimos meses o xefe de persoal desa consellería leva observando como Xesús trata de eludir fichar a entrada na máquina instalada no edificio da Xunta de Galicia. O comportamento de Xesús poderá ser constitutivo de expediente disciplinario?(Conteste segundo a normativa autonómica en materia de Función Pública):

- a) Si, poderá incoarselle expediente disciplinario pola comisión dunha falta leve
- b) Si, poderá incoarselle expediente disciplinario pola comisión dunha falta grave
- c) Si, poderá incoarselle expediente disciplinario pola comisión dunha falta moi grave
- d) Non, soamente poderá abrirse un período de información previa sobre a súa conduta

35.- Carmen cumpriu 20 anos como funcionario de carreira o 3 de marzo de 2008, a cantos días de vacacións terá dereito este ano?:

- a) 24 días hábiles
- b) 22 días hábiles
- c) 1 mes natural
- d) 23 días hábiles

36.- Roberto é funcionario, da cursos de vez en cando no Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) e fai uns meses foi designado membro dun tribunal de oposicións ao Ministerio de Fomento. Pola súa parte, Paula, tamén funcionaria, participa todos os luns nas tertulias dunha radio local e é membro con dereito a retribución dun patronato de funcionarios. As actividades de Roberto e de Paula están exceptuadas do réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas?:

- a) As actividades de Roberto non pero si as de Paula
- b) Nin as actividades de Roberto nin as de Paula están exceptuadas
- c) As actividades de Roberto si pero as de Paula non
- d) As actividades dos dous están exceptuadas do réxime de incompatibilidades

37.- Lucía, funcionaria, vai ter un neno e solicita unha excedencia voluntaria por coidado de fillos. Ao terminar o período de excedencia solicita o reingreso pero o secretario xeral da súa Consellería comúncalle que na actualidade non existe posto vacante nesa Consellería. A que situación pasa Lucía? (Conteste segundo a normativa autonómica en materia de función pública):

- a) A excedencia voluntaria por interese particular sen percibir ningunha retribución
- b) A excedencia forzosa e percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino
- c) A excedencia forzosa e percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino inferior en dous niveis ao seu grao persoal
- d) A excedencia forzosa e percibirá as retribucións básicas pero non o complemento de destino

38.- Patricia é funcionaria da Xunta de Galicia. O 15 de marzo do ano pasado foi nomeada Directora Xeral de Transportes do Ministerio de Fomento. O luns 9 de xuño deste ano foi cesada. Qué prazo ten Patricia para solicitar o reingreso? (Conteste segundo a normativa autonómica en materia de función pública):

- a) 1 mes
- b) 30 días
- c) 20 días
- d) 15 días

39.- Manuel, Xoán e María, por esta orde e a través dun escrito único, solicítanlle ao Concello de Santiago de Compostela, como titulares dun establecemento de hostalaría cada un deles, unha autorización para a instalación dunha terraza común para o verán, con cadeiras e mesas portátiles e unha serie de parasoles. O órgano do Concello encargado da tramitación, ante a ausencia da documentación acreditativa da titularidade dos tres establecementos, requírelle a Manuel que achegue esta documentación. É correcta a forma de proceder do órgano do Concello?:

- a) Non, porque teríalles que requirir aos interesados individualmente para que achegasen cada un o seu título
- b) Non, porque tería que terlles requirido para que nomeasen de entre eles a un representante ao tratarse dunha pluralidade de interesados
- c) Si
- d) Non, porque deberían terse tratado como solicitudes individuais en defecto de indicación expresa dos interesados

40.- En decembro de 1996, Asunción asina un contrato de traballo de duración determinada coa Consellería X para a prestación de servizos como auxiliar administrativo, a través do Servizo Galego de Colocación. O 24 de marzo de 2005 presenta unha reclamación previa á vía xudicial laboral na que solicita o seu recoñecemento como persoal laboral indefinido da Xunta de Galicia. Transcorrido 1 mes dende a presentación de dita reclamación sen que se lle notificase a resolución, cales son as opcións de Asunción?:

- a) Poderá considerar desestimada a súa reclamación para os efectos de exercitar a acción xudicial laboral
- b) Deberá esperar un mes máis para poder entender desestimada a súa reclamación e, polo tanto, exercitar a acción xudicial laboral
- c) Ningunha das respostas anteriores é correcta, en tanto que a lei esixe que transcorran tres meses para entender desestimada tal reclamación
- d) Poderá considerar desestimada a súa reclamación para os efectos de presentar un recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa

41.- Na Resolución de adxudicación de 32 vivendas de protección oficial de promoción pública, Manuel, funcionario da Consellería A, ao facer as notificacións da resolución, decátase de que a solicitude da familia Casabella non foi tida en conta no proceso, por terse traspapelado o expediente, cando pola súa renda correspondíalle a vivenda. Cómo deberá proceder Manuel?:

- a) Pono en coñecemento do responsable da súa unidade que decide continuar o proceso, dada a firmeza da resolución de adxudicación
- b) O dereito á vivenda recoñecido aos interesados na resolución que se notifica é xerador de dereitos e expectativas lexítimas, polo que deberá reclamar da vía contencioso-administrativa a anulación da resolución
- c) Procede á corrección do erro incluíndo á familia Casabella na lista de adxudicatarios
- d) Ignora a solicitude da familia Casabella e continúa coa notificación da resolución aos adxudicatarios

42.- Luisa é xefa do Servizo de bases de datos e axudas a familias monoparentais numerosas. Ao revisar a relación de familias destas características, comproba que Marta, solicitante da inscrición no rexistro desas familias, non achegou a copia do libro de familia debidamente compulsada e procede a darlle 10 días para subsanar a falta de presentación desa documentación. Cando as resolucións de inscrición no rexistro de familias monoparentais son entregadas a Correos para a súa notificación, Marta aporta a documentación requirida. Que efectos produce a presentación desa documentación?:

- a) Ningún, xa que a documentación foi presentada fora de prazo
- b) Admitirase a documentación pero os seus efectos legais quedarán demorados ata que presente o libro orixinal
- c) Admitirase a documentación e producirá os seus efectos legais ao presentarse a copia compulsada do libro no día no que se procede á notificación da resolución
- d) Terase en conta para os efectos de axudas futuras pero non produce ningún efecto respecto do procedemento aberto

43.- Pablo, funcionario, é xefe de Servizo de impostos directos na Consellería X, posto obtido por libre designación. Dentro das súas funcións está a de resolver expedientes de liquidación de varios impostos. Normalmente entran nesa sección 500 expedientes dos que só resolveu 12 en todo un ano, que ademáis estaban entre os 50 últimos expedientes que entraron na citada consellería. Qué pode facer o secretario xeral da Consellería X?:

- a) Propoñerlle ao titular da Consellería X a incoación dun expediente disciplinario
- b) Instar a Pablo a que solicite unha praza no primeiro concurso de traslados que se convoque con carácter forzoso
- c) Propoñerlle ao titular da Consellería X a remoción do posto de traballo de Pablo
- d) Cesar a Pablo do seu posto de traballo

44.- No expediente de contratación relativo á subministración de material informático para a Consellería X, tramitado mediante procedemento aberto, reflíctese o seguinte: A aprobación do gasto e dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcóns técnicas tivo lugar o día 15 de abril de 2008. A convocatoria do procedemento de adxudicación publicouse no Diario Oficial de Galicia o día 19 de abril de 2008. A resolución de adxudicación do contrato é de data do 30 de maio de 2008 e o documento de formalización do contrato asinouse o día 10 de xuño de 2008. En base ao disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, a cal das ditas datas deberá atenderse para determinar a normativa aplicable ao expediente de contratación?:

- a) 15 de abril de 2008
- b) 19 de abril de 2008
- c) 30 de maio de 2008
- d) 10 de xuño de 2008

45.- A Consellería A convoca un procedemento aberto para a contratación de subministración de vehículos todoterreo para determinadas agrupacións de voluntarios de protección civil cun orzamento de licitación de 250.000,00 €, excluído o IVE. O expediente é declarado de tramitación urxente polo órgano de contratación. Cal será o prazo mínimo de presentación de proposicións, tendo en conta que se ofrece o acceso por medios electrónicos aos pregos e á documentación complementaria, e que o anuncio do contrato foi preparado e enviado a Comisión Europea por medios telemáticos?:

- a) 52 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no Diario Oficial da Unión Europea
- b) 20 días naturais contados desde a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea
- c) 40 días naturais contados desde a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea
- d) 26 días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no Diario Oficial da Unión Europea

46.- Na Consellería A tramítase polo procedemento negociado sen publicidade un expediente de contrato de obra, que se rexe pola Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e que ten un orzamento de licitación de 97.000,00 €. A unidade administrativa que tramita o expediente está a elaborar as solicitudes de ofertas, nas que debería determinarse o prazo para a presentación das proposicións. Cal será ese prazo?:

- a) 10 días naturais a contar desde o seguinte ao da recepción da invitación para licitar
- b) O prazo non poderá ser inferior a 15 días naturais, contados desde o seguinte ao da recepción da invitación para licitar
- c) Tratándose dun procedemento negociado sen publicidade non é preceptivo fixar prazos para a recepción de ofertas
- d) O que o órgano de contratación considere, tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar as ofertas

47.- A Secretaría Xeral da consellería A recibe un escrito de reparo suspensivo da Intervención Delegada que afecta a unha proposta de autorización e disposición de gastos por importe de 301.000, 00 € no subconcepto 626.0 do vixente orzamento de gastos da consellería. O órgano xestor non acepta o reparo deducido e formula discrepancia. A quen lle corresponde resolve-lo reparo?:

- a) Ao Titular da Consellería
- b) Ao Conselleiro de Economía e Facenda
- c) Ao Consello da Xunta, previo informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
- d) Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

48.- A Secretaría Xeral da Consellería X recibe un informe desfavorable da Intervención Delegada opoñéndose á tramitación dun expediente de modificación orzamentaria no capítulo II atribuído á competencia do titular da consellería. A unidade administrativa xestora do expediente proponlle ao titular da Consellería que formule discrepancia en relación co devandito informe. No caso de formularse discrepancia, a quen lle correspondería resolver o expediente de modificación de crédito?:

- a) Á Comisión de Secretarios Xerais
- b) Ao Conselleiro de Economía e Facenda
- c) Ao Consello da Xunta, previo informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
- d) Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

49.- Na Consellería X o crédito orzamentario dispoñible no concepto 230 “Indemnizacións por razón do servizo. Axudas de custo” é de 50,00 €, e o crédito orzamentario dispoñible no concepto 231 “Indemnizacións por razón do servizo. Locomoción” é de 500,00 €. Débese autorizar en favor dun funcionario o gasto por importe de 112,00 € no concepto 230, segundo se establece na correspondente orde de servizo. Cómo debe proceder a unidade administrativa encargada de tramitar os expedientes para o abono das axudas de custo?:

- a) Arquivará a orde de servizo ata que entre en vigor o orzamento correspondente ao seguinte exercicio económico, no que se tramitará o pago da indemnización por razón do servizo polo procedemento de imputación de gastos ao exercicio corrente
- b) Devolverá a orde de servizo ao funcionario xa que é nula de pleno dereito ao non existir crédito axeitado e suficiente na específica aplicación orzamentaria á que debe imputarse o gasto
- c) Iniciar un expediente para acadar a transferencia de crédito do concepto 231 ao concepto 230
- d) Tramitar o correspondente expediente de gasto por tratarse dun gasto de carácter vinculante no nivel de artigo

50.- O Organismo autónomo Augas de Galicia pretende adquirir software por un importe que, atendendo aos prezos que rexen no mercado, estima na cantidade de 120.000,00 €, e considera que o gasto debe imputarse ao subconcepto 626.0 “Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Equipos para procesos de información”, do seu vixente orzamento de gastos, no que existe un saldo de crédito dispoñible de 90.000,00 €. Non obstante, no subconcepto 625.0 “Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Mobiliario e útiles”, que tiña un crédito inicial de 150.000,00 €, existe un saldo de crédito dispoñible de 60.000,00 €. Para levar a cabo a adquisición do software, pódese tramitar previamente un expediente de transferencia de crédito polo importe de 30.000,00 € que incremente o existente no subconcepto 626.0 con cargo ao crédito existente no subconcepto 625.0?:

- a) Non, porque non se poden modificar os créditos consignados nos estados de gastos do capítulo VI, que destinaranse exclusivamente ás finalidades específicas para as que foron autorizados
- b) O gasto para a adquisición de software é imputable ao capítulo II relativo aos “gastos correntes en bens e servizos”, e non ao capítulo VI relativo aos “gastos de inversión”
- c) Sí, correspondendo a autorización da transferencia ao Conselleiro de Economía e Facenda
- d) Sí, correspondendo a autorización da transferencia ao titular da Consellería á que se atopa adscrito o Organismo Autónomo

PREGUNTAS DE RESERVA:

51.- Xoán é funcionario do corpo Administrativo da Xunta de Galicia. Obtivo a súa praza mediante oposición. O seu primeiro destino foi un posto base de nivel 14 na Consellería A, tomando posesión do mesmo o 20 de outubro de 1996. O 3 de marzo de 1998 é designado habilitado da Consellería B por libre designación, posto de nivel 20. O 5 de abril de 2005 é cesado quedando a disposición do titular da consellería B. Participa nun concurso e o 7 de xaneiro de 2006 toma posesión nun posto de xefe de negociado de nivel 18 onde permanece ata a actualidade. Qué grao persoal ten consolidado Xoán? (Conteste segundo a normativa autonómica en materia de función pública):

- a) O 22
- b) O 20
- c) O 18
- d) O 16

52.- Manuela, funcionaria de carreira do corpo de Xestión da Xunta de Galicia que ocupa un posto de libre designación na Consellería A na localidade de Santiago de Compostela, é nomeada membro do Gabinete da Consellería B e pasa á situación de servizos especiais. A Consellería A decide entón cubrir o seu posto de libre designación a través dunha comisión de servizos de carácter temporal. Logo de pasados un ano e dez meses desenvolvendo o seu traballo no Gabinete da Consellería B, Manuela é cesada neste posto. Despois do cesamento, qué posto lle corresponderá a Manuela, tendo en conta que o seu posto de orixe está ocupado en comisión de servizos?:

- a) Quedará ao dispor do titular da Consellería B, que lle atribuirá o desempeño dun posto provisional correspondente ao seu corpo ou escala, dentro da mesma localidade
- b) Terá dereito ao seu posto de orixe na Consellería A
- c) Terá dereito a un posto correspondente ao seu grao persoal na Consellería A e en Santiago de Compostela
- d) terá dereito a un posto na Consellería A, cuxo nivel de complemento de destino non sexa inferior en 2 niveis ao correspondente ao posto que ocupaba nesta Consellería orixinariamente, e en Santiago de Compostela

53.- O Secretario da Delegación Provincial da Consellería X en Lugo, como xefe de persoal da mesma, leva o control dos días de asuntos propios utilizados polo persoal da delegación. Manuel, funcionario da Xunta de Galicia con 32 anos de antigüidade xa disfrutou de 4 días. Cantos días lle quedan por disfrutar a Manuel?:

- a) 5
- b) 9
- c) 10
- d) 7